

A biblioteca escolar

1. Biblioteca escolar, centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe

As bibliotecas escolares que se precisan na actualidade son centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: “contornas” educativas específicas integradas na vida da institución escolar, tal e como aparece recollido no *Marco de referencia sobre as bibliotecas escolares*, publicado polo Ministerio de Educación en 2011. A súa principal misión é contribuír á adquisición das competencias clave contempladas no currículo e apoiar os proxectos e programas que leva a cabo o centro educativo, favorecendo ademais a adquisición e o desenvolvemento de hábitos de lectura entre os distintos sectores da comunidade educativa. Apoian o profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza e facilitánlle ao alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares, así como a adquisición de competencias e de hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa.

Así mesmo, a biblioteca debe enfrontar o reto de contribuír á correcta alfabetización múltiple do alumnado, competencia esencial para a vida e para as aprendizaxes, tal e como é contemplada nas conclusións do Consello da Unión Europea de 26 de novembro de 2012¹ sobre alfabetizacións múltiples, nas que se define como *un concepto que engloba tanto as competencias de lectura como de escritura para a comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica [...]*.

A biblioteca tamén se ten que abrir, así mesmo, ás novas tendencias sociais no ámbito das bibliotecas e configurarse como un centro creativo de construción do coñecemento, habilitando espazos e proporcionando oportunidades para que as persoas usuarias (alumnado, profesorado, outros membros da comunidade educativa) poidan atoparse para pensar, deseñar, debater e desenvolver proxectos persoais ou sociais de carácter cultural, manipulativo, de investigación, de creación, de axuda..., ben sexan de carácter informal, ben estean vinculados á educación formal específica do centro educativo. Desta forma, a biblioteca pode ser un instrumento útil e apreciado para a aprendizaxe ao longo da vida. Neste sentido, integrar os medios para desenvolver proxectos “maker” ou vinculados coa robótica, os videoxogos e mais o equipamento necesario para a produción autónoma de

¹ <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52012XG1219%2801%29>

contidos audiovisuais ou transmedia pode servir para atraer alumnado en risco de exclusión cara ao mundo do coñecemento e o gozo da cultura.

A biblioteca constitúe un medio imprescindible para a integración da cultura impresa e a cultura dixital nas prácticas de ensino e aprendizaxe do profesorado e do alumnado.

2. Xestión técnica e organización

A existencia dunha biblioteca escolar, organizada e dinamizada, facilita:

- a. O apoio aos procesos de ensinanza e de aprendizaxe.
- b. A aprendizaxe autónoma.
- c. O tratamento da lectura comprensiva en todas as áreas curriculares.
- d. O desenvolvemento de habilidades e de competencias básicas.
- e. O achegamento aos distintos soportes e formatos nos que se transmite a información: alfabetización múltiple.
- f. A educación para a competencia informacional: para o uso, tratamento e produción da información.
- g. A integración das tecnoloxías da comunicación e da información na recollida e tratamento dela, e na selección de lecturas.
- h. A creación e consolidación de hábitos de lectura e de escritura.
- i. O acceso igualitario aos recursos culturais.
- j. A educación nunha vivencia saudable do tempo de lecer.
- k. O apoio ao alumnado con necesidades educativas específicas.

2.1. A colección e a súa xestión técnica

A colección é o conxunto de documentos e recursos, en diversos soportes, que a biblioteca escolar pon ao servizo das persoas usuarias para o desenvolvemento das actividades de ensino e aprendizaxe, do traballo coa información e da lectura con distintas finalidades.

A biblioteca escolar debe ofertar diferentes materiais e recursos documentais: libros de ficción e non ficción, publicacións periódicas (xornais, revistas, boletíns...), seleccións de recursos electrónicos dispoñibles na rede, recursos tanto visuais coma audiovisuais (mapas, fotografías, películas, música...) e xogos. Todos estes recursos poden ter distintos formatos e soportes (papel e dixital, físico e en rede). Os recursos de elaboración

propia, físicos ou dixitais (libros, revistas, xogos...), tamén deberían formar parte da colección.

A colección debe ser variada, personalizada, inclusiva, actualizada e equilibrada. Segundo as directrices da IFLA, unha proporción recomendable sería a dun 60% de materiais de non ficción e un 40% de materiais de ficción en calquera soporte. O equipo de biblioteca elaborará un plan de adquisicións acollendo as suxestións e necesidades dos diversos niveis ou departamentos do centro e das persoas usuarias, e establecendo prioridades en función dunha actualización dos fondos atendendo ás características que debe ter a colección.

A colección debe estar localizada na biblioteca escolar mais tamén pode ubicarse noutros espazos do centro (aulas, departamentos, sala de profesorado...). As necesidades pedagóxicas e as características espaciais de cada centro poden requirir a creación de seccións da biblioteca en distintas aulas ou espazos. Aínda así, todos os documentos teñen que estar catalogados de forma centralizada na biblioteca para evitar duplicidades, infrautilización ou perda, ademais, debemos identificar a súa ubicación concreta e garantir o rexistro de circulación dos recursos. Deste xeito favorécese a súa difusión para o coñecemento e emprego por parte de toda a comunidade educativa.

O criterio para a colocación dos fondos terá en conta a accesibilidade a eles por parte das persoas usuarias. Os andeis serán preferentemente abertos, sen pechos nin barreiras innecesarias: os armarios pechados non facilitan o acceso directo promovido no ámbito bibliotecario nin actitudes responsables e de autonomía no uso dos bens comúns.

Para unha axeitada xestión e organización dos materiais, cómpre seguir criterios estandarizados no ámbito bibliotecario e empregar un sistema de xestión informatizado. Desde a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da Amtega (Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia), facilítase aos centros que o soliciten o programa de xestión correspondente para a informatización da biblioteca escolar. A Asesoría de Bibliotecas Escolares achega unha simplificación do sistema de clasificación (CDU) co fin de adaptalo ao contexto escolar. No portal das bibliotecas escolares (<https://bibliotecas.edu.xunta.gal/>) ofrécense diversos materiais de apoio neste sentido: pautas de catalogación, CDU adaptada, preguntas frecuentes... e materiais específicos para os programas de xestión Meiga e Koha-Bescolares.

A biblioteca acolle, organiza, facilita e difunde os recursos existentes para que os diversos sectores da comunidade escolar fagan un uso eficaz dos mesmos. Na biblioteca préstanse varios servizos: lectura en sala, préstamo, información, formación de persoas usuarias, orientacións e materiais para a educación documental, actividades de fomento da lectura, acceso a Internet...

2.2. Recursos humanos

A biblioteca escolar debe contar cunha persoa coordinadora e cun equipo de apoio que aseguren a súa organización e funcionamento. Este equipo debe estar formado por profesorado con formación específica, pertencente a distintos niveis educativos e materias, e contar cunha composición estable que permita dar continuidade ao traballo da biblioteca.

O alumnado forma parte do equipo de colaboradoras e colaboradores que, xunto co profesorado e baixo a súa supervisión, contribúe ao bo funcionamento da biblioteca do centro e ao desenvolvemento das súas iniciativas.

2.2.1 Persoa coodinadora da biblioteca escolar

O funcionamento eficaz da biblioteca escolar supón unha axuda fundamental para o labor de todo o profesorado e da comunidade educativa en xeral, sendo necesaria a colaboración de todas e todos para a súa existencia. Aínda así, resulta imprescindible a presenza dunha persoa coordinadora que debe ser designada pola Dirección, garantindo no posible a estabilidade e o bo funcionamento deste servizo. Para iso, terase en conta o interese, a idoneidade, a formación ou a experiencia neste ámbito, así como a dispoñibilidade horaria do profesorado.

As funcións da persoa coordinadora da biblioteca escolar son:

- a. Elaborar, en colaboración co profesorado de apoio, o Plan Anual de Biblioteca escolar e a memoria final.
- b. Colaborar no deseño e posta en práctica do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información do centro.
- c. Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
- d. Informar o Claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.

- e. Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- f. Definir os criterios para o préstamo e atender ao servizo xunto co equipo de apoio.
- g. Asesorar o profesorado en técnicas de fomento da lectura, estratexias de dinamización, formación de persoas usuarias e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, destinados tanto á formación do alumnado nestes aspectos coma á dinamización cultural do centro.
- h. Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.
- i. Representar o equipo de biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Estas e outras cuestións sobre a dinamización específica da biblioteca escolar están recollidas na Orde de 17 de xullo de 2007, pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico para a función titorial e outras funcións docentes (DOG do 24 de xullo).

2.2.2. Equipo de apoio

Estará formado por profesorado dos diferentes ciclos ou departamentos existentes no centro, que traballarán en coordinación coa persoa coordinadora da biblioteca para a consecución dos obxectivos previstos e a posta en marcha das actividades organizadas. A xefatura de estudos, aproveitando as marxes horarias do cadro de profesorado, preverá as necesidades da biblioteca escolar á hora de elaborar os horarios do mesmo, nos que quedará recollida a súa participación neste servizo.

As funcións das persoas integrantes do equipo de biblioteca son:

- a. Colaborar coa persoa coordinadora da biblioteca na elaboración do Plan Anual de Biblioteca escolar e a memoria.
- b. Apoiar a persoa coordinadora da biblioteca na organización e dinamización da mesma, desenvolvendo así as funcións que se lle encomendan á biblioteca escolar.
- c. Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo, co fin de facilitarllelos ás persoas usuarias da biblioteca escolar.
- d. Cooperar co deseño, a organización e mais a posta en marcha das actividades programadas.
- e. Establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.

- f. Recoller propostas e suxestións do profesorado e do alumnado co fin de mellorar as intervencións e colaborar co desenvolvemento da competencia lectora, do hábito lector e das habilidades de traballo intelectual.

2.3. O horario

O horario de funcionamento da biblioteca deberá ser o máis amplo posible, segundo a dispoñibilidade horaria do profesorado; en calquera caso, procurarase que estea aberta e atendida, por parte da persoa coordinadora ou por integrantes do equipo de apoio, a totalidade do tempo lectivo.

Para facilitar que estea aberta en horario extraescolar poderá contarse con persoal auxiliar, en colaboración con outras institucións como a asociación de nais e pais ou o Concello, sempre baixo a indispensable coordinación do responsable designado pola dirección, previo acordo escrito e con coñecemento das autoridades educativas.

2.4. Centros de especial tipoloxía

Existen algúns tipos de centros non universitarios que, polas características das ensinanzas que imparten ou pola súa configuración especial, precisan realizar adaptacións tanto das orientacións xerais aquí recollidas coma das pautas contempladas na resolución específica de cada curso académico. En calquera caso a biblioteca deberá responder ás demandas e necesidades da comunidade educativa, orientando as súas actividades a apoiar e reforzar o desenvolvemento do currículo propio, a estimular o uso dos recursos dispoñibles e a favorecer o desenvolvemento de hábitos de lectura entre o seu alumnado.

- a. CRA e CPI: cómpre un esforzo organizativo para que a biblioteca responda ás necesidades do alumnado deste tipo de centros. Con carácter xeral configúranse como unha única biblioteca escolar, cun catálogo único e unha programación conxunta. No caso de que, por razóns organizativas e de accesibilidade, resulte necesaria a distribución dos materiais da colección en espazos diferenciados, o total de seccións de aula ou nivel conformarán a biblioteca do centro escolar.
- b. EPA, CIFP, Ensinanzas de Réxime Especial: orientarán as súas actividades á integración da lectura e dos recursos informativos directamente relacionados coas ensinanzas que imparten, nunha dinámica de apoio ao currículo e de fomento da lectura entre os distintos membros da comunidade educativa. Tanto o concepto de alfabetización múltiple coma unha visión interdisciplinaria dos distintos ámbitos do

coñecemento para facilitar as aprendizaxes serán moi útiles para conseguir un enfoque máis eficaz das actividades.

- c. CEE: farase un especial fincapé en que a biblioteca, espazo creativo de aprendizaxe, responda ás necesidades do seu alumnado. Así, estes centros adaptarán o mobiliario, o equipamento, os recursos e mais as actividades, de xeito que se ofrezan tanto oportunidades de achegamento á lectura, á escritura e á información coma á creación e á expresión en toda a súa amplitude, así como a participación activa en prácticas de traballo colaborativo.

3. Dinamización da biblioteca escolar: fomento da lectura e educación en información

No deseño de programas de dinamización da biblioteca escolar cómpre ter en conta dous tipos de actividades:

- en primeiro lugar, aquelas dirixidas á formación de persoas usuarias (alumnado, profesorado e resto da comunidade educativa) no funcionamento da biblioteca escolar e na adquisición de habilidades e procedementos para o acceso e o tratamento da información (ALFIN/AMI) que constitúe un dos obxectivos básicos da biblioteca escolar;
- en segundo lugar, actividades de fomento da lectura: lectura individual, lecturas compartidas apadriñamentos ou amadriñamentos lectores, presentacións de libros, encontros con persoas autoras ou ilustradoras, libro-fórum, clubs de lectura, xogos de animación, obradoiros de escritura creativa...

Cómpre contemplar a lectura nun senso amplo: a lectura para aprender, para facer un resumo, para buscar un dato, para resolver un problema, para elaborar un traballo... pero tamén a lectura pracenteira, a que se fai en soidade ou en compañía e que ten como único obxectivo o gozo do texto literario. Así mesmo, é imprescindible orientar e facilitar prácticas de lectura en todo tipo de soportes, atendendo ás particularidades da lectura en pantalla e ampliando a experiencia lectora do alumnado e do resto da comunidade educativa. Da mesma maneira, a biblioteca escolar é o espazo natural de achegamento á información en calquera formato, incluído o electrónico. As bibliotecas han ser espazos de integración da cultura impresa e da cultura dixital.

A biblioteca escolar ten un papel importante no Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información do centro, documento que articula todas as actuacións do centro relacionadas coa lectura, a escritura e as habilidades informativas.

4. Referencias lexislativas

Para ampliar estas orientacións, recoméndase a consulta do *Marco de referencia para las bibliotecas escolares*, publicado polo Ministerio de Educación no ano 2011.

Deberá terse en conta tamén a Resolución específica, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional en cada curso académico.

Esta información e outra documentación de referencia están dispoñibles no portal das bibliotecas escolares no apartado específico na seguinte ligazón <https://bibliotecas.edu.xunta.gal/recursos-be/documentacion-de-referencia>.